

# OS SERES VIVOS

## Buscamos seres vivos

Na natureza hai seres vivos e seres inertes.  
Os seres vivos nacen, aliméntanse e medran,  
reaccionan aos cambios, teñen crías e morren.  
Os seres inertes son os que non están vivos.

As árbores  
son seres vivos.

O aire é  
un ser inerte.

Os nenos son  
seres vivos.

As rochas son  
seres inertes.

A auga é  
un ser inerte.

Os parrulos son  
seres vivos.



# OS SERES VIVOS

## Que seres vivos hai!

Os animais e as plantas son seres vivos.

Son animais:



Son plantas:



# OS SERES VIVOS. ANIMAIS

## Así son os animais

Alguns animais teñen un esqueleto dentro do seu corpo. Son os vertebrados. Hai varios tipos:

Os mamíferos...



As aves teñen...



Os peixes teñen...



Os réptiles teñen...



Os anfíbios teñen...



Outros animais non teñen esqueleto dentro do seu corpo. Son os invertebrados.



# OS SERES VIVOS. ANIMAIS

Os animais **desprázamonos**. Movémonos dun lugar a outro de diferentes maneiras.

Segundo a súa forma de desprazarse, os animais...


- **Voan**: teñen ás e desprázanse polo aire.
- **Nadan**: adoitan ter aletas e desprázanse pola auga.
- **Andan e corren**: teñen patas e desprázanse por terra.
- **Saltan**: impúlsanse por terra coas súas patas traseiras.
- **Reptan ou arrástranse**: adoitan ter as patas curtas. Algúns desprázanse por terra e outros, pola auga.



Os **mamíferos** teñen **patas** (nalgúns son como aletas) e a maioría andan pola terra. Poden voar os morcegos e nadan as baleas e golfinhos que viven no mar.



As **aves** teñen **ás** e **voan**.



Os **peixes** teñen **aletas** e **nadan**.



Os **anfíbios** teñen **patas** e **andan**, **saltan** ou **corren**.



Os **réptiles** non teñen **patas** (ou as teñen moi pequenas e **reptan**, **arrástranse**).



# OS SERES VIVOS. ANIMAIS

Os animais aliméntanse de diferente maneira.

Segundo a súa alimentación, os animais poden ser:

- **Herbívoros:** comen plantas, como a xirafa, a ceبرا ou o cervo.
- **Carnívoros:** comen outros animais. Algúns son o león, a aguia, a foca...
- **Omnívoros:** comen todo tipo de alimentos, como o raposo, o porco ou o chimpancé.



Os animais nacen de distinta maneira.



Os animais **vivíparos** nacen do ventre da súa nai, como o ser humano, o tigre ou o oso.



Os animais **ovíparos** nacen dun ovo, como a tartaruga, o pato ou a bolboreta.

# TAREFA: INVESTIGO E FAGO UNHA FICHA DUN ANIMAL

1º: Elixo o animal

2º: Despois teño que elixir o correcto en cada caso:

- ✓ Polo seu esqueleto é: vertebrado ou invertebrado?
- ✓ Se é vertebrado é: mamífero, ave, peixe, anfibio ou réptil?
- ✓ Desprázase: andando, voando, nadando, reptando...
- ✓ Segundo o que come é: herbívoro, carnívoro ou omnívoro.
- ✓ Segundo como nace é: ovíparo ou vivíparo.

3º: Elaboro a ficha seguindo o esquema seguinte en medio folio

(Nome do animal)

Debuxo ou foto do animal

(Información escrita segundo o que sinalai antes).

---

---

---

---

---